

# DAG

Asociación Galega de Deseñadores

## (R)evolution design

### Seminario para a implementación de produtos e servizos innovadores

13 e 14 de xaneiro de 2012

Galería Sargadelos  
Santiago de Compostela

10:00-14:00 | 16:30-20:30

Matrícula gratuíta

Organiza:



# DAG

Asociación Galega de Deseñadores

Cofinanciado por:



Colabora:



A Asociación Galega de Diseñadores (DAG) organiza un Programa de Formación impartido pola Escola de Organización Industrial (EOI) dirixido ás PEMES e autónomos que desenvolvan a súa actividade en calquera dos ámbitos do deseño e a creatividade.

O Programa consiste nun Seminario de 16 horas de duración que terá lugar o 13 e 14 de xaneiro de 2012, e un Curso de 400 horas de duración que se celebrará en datas posteriores.

### **Obxectivos:**

O obxectivo deste seminario é que as PEMES implementen novos sistemas e produtos de xestión e deseño innovador. En concreto, este seminario permitiralles:

- Descubriren ferramentas de xeración de modelos de negocio abertos baseados no *Design Thinking*, modelos que están sendo aplicados para xerar valor.
- Coñeceren casos de éxito no mundo do deseño.

### **Dirixido a:**

Dirixido a autónomos e ás PEMES de calquera sector de actividade de ámbito nacional que teñan a necesidade de ser formadas en técnicas innovadoras en xestión nas súas empresas. PEMES ás que se lles faga chegar os produtos e servizos innovadores existentes, así como os recursos e apoios aos que poden acceder para a mellora e innovación das súas empresas.

Enténdese por profesionais do sector: deseñadores gráficos, de espazos, de moda, de experiencias, deseñadores industriais, de produtos, mobles, xoias, xoguetes, deseñadores de campañas publicitarias convencionais e dixitais, en definitiva, a profesionais do deseño ou da xestión que desexen ampliar os seus coñecementos no campo da xestión do deseño na empresa, profesionais de consultoras de deseño, de oficinas técnicas, de departamentos internos ou externos de deseño, así como empresas ou emprendedores de calquera sector de actividade con proxectos empresariais nos que a xestión do deseño sexa un elemento vital.



Asociación Galega de Deseñadores

### **Condições para participación:**

- Empresas do sector do deseño e da creatividade con 2 ou máis empregados.
- Autónomos en activo, ou en situación de desemprego, con máis de 2 anos de experiencia empresarial como profesionais do sector do deseño e da creatividade.
- Empresas ou emprendedores do sector con proxectos empresariais nos que a xestión do deseño sexa un factor principal.

### **Matrícula gratuíta**

(Curso cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e ENISA)

### **Límite máximo de alumnos:**

30

### **Datas e horario:**

13 e 14 xaneiro de 2012

10.00 - 14.00 | 16.30 - 20.30

A duración do seminario será de 16 horas lectivas.

### **Lugar de celebración:**

Galería Sargadelos

Rúa Nova, 16

15705 Santiago de Compostela

### **Inscripción:**

Data límite para formalizar a inscrición: **4 de xaneiro de 2012**

Envía o formulario cos teus datos e a documentación a [info@asociaciondag.org](mailto:info@asociaciondag.org)

### **Información:**

Asociación Galega de Deseñadores (DAG)

Apdo. 2131

15780 Santiago de Compostela

[info@asociaciondag.org](mailto:info@asociaciondag.org)

EOI, Escola de Organización Industrial

[informacion@eoi.es](mailto:informacion@eoi.es)

[www.eoi.es](http://www.eoi.es)